

**Axuda/Subvención:** 18 bolsas de investigación para o ano 2010

**Organismo:** Deputación Provincial da Coruña

**Distribución das bolsas:**

Área de ciencias xurídicas e sociais: 3 bolsas

Área de ciencias experimentais e da saúde: 8 bolsas

Área de ensinanzas técnicas: 2 bolsas

Área de humanidades: 5 bolsas

**Cuantía das bolsas:** 7.625 €, cada unha

**Requisitos dos solicitantes:** Poderán participar nesta convocatoria todos os residentes na provincia da Coruña que pretendan realizar un traballo de investigación, e que reúnan os seguintes requisitos:

- Posuír a condición de titulado universitario.
- Acreditar a residencia en calquera concello da provincia da Coruña, mediante a presentación do correspondente certificado de empadramento, cunha antigüidade de, polo menos, un ano antes da data da convocatoria.
- Non ser titular, no momento no que se produza a adxudicación da bolsa, de ningunha outra bolsa de investigación referida ao mesmo período, aínda que o proxecto para o que posúa a bolsa sexa diferente ao que se refire a súa solicitude.

O ter sido titular da bolsa en anteriores convocatorias non exclúe da participación nesta, sempre que se cumpran os seus requisitos.

**Presentación de solicitudes:** As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no rexistro xeral da deputación, na sección de Cultura e Deportes e na páxina [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es).

A solicitude e resto de documentación requirida deberá presentarse no Rexistro Xeral desta Deputación ata o día 31 de marzo de 2010.

**Publicación:** BOP nº 45, 9 de marzo de 2010

**Máis Información (Anexos):**

[http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/03/09/2010\\_0000002706.html](http://bop.dicoruna.es/bopportal/publicado/2010/03/09/2010_0000002706.html)

Deputación da Coruña: Alférez Provisional nº 2, 15006 A Coruña. Tfno: 981 080300